

4.º de ESO

Solucións das actividades da tarefa 1

COMENTARIO DO TEXTO DE CUNQUEIRO «A BAÑEIRA E O DEMO» SEGUNDO O GUIÓN QUE VOS FACILITARA NA CLASE.

(Está feito a partir das respostas de M. Valiña, pero corrixido. Tende coidado, porque *moita xente, sospeitosamente, entendeu mal o dos 15 días* no texto: non di que pariu quince días despois. Conta dous feitos pasados: no 1.º parágrafo narra un que sucedeu un ano antes do momento en que está «falando» o narrador; no 2.º parágrafo narra un feito que sucedeu 15 días antes do momento en que está o narrador «falando». Lede o texto outra vez e comprobade que é como así).

Autor

Este texto pertence á obra Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro, nado no ano 1911 en Mondoñedo. Estudou en Santiago de Compostela nos primeiros anos trinta e foi daquela cando comezou o seu labor literario. Durante a Guerra Civil, viviu un tempo en Ortigueira, dedicado á docencia e ao xornalismo e tempo despois cando se fundou a editorial Galaxia, Cunqueiro comezou a escribir textos narrativos en galego. Nos anos sesenta instalouse en Vigo e traballou no xornal Faro de Vigo. Nesta etapa publicou outros tres libros de narracións breves, onde reúne retratos de personaxes reais e imaxinarios. Este autor galego finou en Vigo, no ano 1981 e dez anos despois dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Texto

Resumo:

Dona Eleonora, unha curmá do Grande Inquisidor de Nápoles, deu a luz e decidiu bañar ao meniño nunha bañeira. Cando botaron ao rapaz na auga desapareceu e ninguén soubo o porqué. Arredor dun ano despois, volveu parir e ían bañar ao neno naquela bañeira, pero xusto antes de poñelo na auga, a nai pediu que se bendicise a auga. Entón a bañeira quebrouse en mil anacos e saíu dela un demo, que logo desapareceu. Finalmente, sóbose que aquela bañeira foro dun convento e era empregada polas abadesas e as monxas e que en realidade era o demo que se convertera nela para ver as mulleres espidas.

División en partes:

Este texto podemos dividilo en catro partes (tamén se podería dividir en dúas, que abrangerían cada unha dúas das que se describen aquí):

- A primeira (liñas 1-4) é como unha introdución onde se especifica o tempo, o espazo e os personaxes importantes da historia.
- A segunda (liñas 4-12) conta a primeira historia de que a curmá do Inquisidor bañara ao seu meninho acabado de nacer nunha bañeira e que desaparecera misteriosamente.
- A terceira (liñas 13-25) refírese ao nacemento do segundo fillo. Antes de que o metesen na bañeira a nai pide bendicir a auga e esta québrase e convértese no demo.
- A cuarta (desde a liña 25 ata o final) explica por que o demo tomara forma de bañeira.

Espazo, personaxes e feitos + características do autor:

A historia transcorre nunha quinta da sobriña do Grande Inquisidor en Nápoles e os personaxes que aparecen no texto son o dito Inquisidor, a súa sobriña dona Eleonora, o exorcista de Palermo, os dous meniños, o misterioso. Os feitos son a desaparición do primeiro meniño cando ían bañalo, a rotura da bañeira cando ían somerxer o segundo rapaz e a aparición do demo.

En relación coas características de Cunqueiro, atopamos unha mestura de realidade como por exemplo que dona Eleonora pariu e quería bautizar aos meniños nunha bañeira na súa quinta ou que as monxas e abadesas se lavaran na bañeira; e fantasía, xa que os bebés non se poden desfacer na auga e o demo tampouco pode saír dunha misteriosa bañeira por arte de maxia. En cada un dos libros deste autor coexisten personaxes e feitos fantásticos con outros que ben poderían pertencer á vida cotiá. O autor conta os feitos con técnicas da novela realista, facendo que os elementos fantásticos parezan reais. Ademais, outra característica fundamental da súa obra é o humor; un exemplo podería ser nas últimas liñas, onde o demo quería ver ás monxas e abadesas espidas.

PREGUNTAS SOBRE «A SEREA GREGA»

1.

Filipe de Amancia, o narrador e criado de Merlín, revélase fascinado pola beleza da serea e namorado dela. Podemos apreciar isto na propia afirmación do narrador, cando di «E mentiría se dixese que puiden durmir con aquela febre apertada e inqueda que se me puxo no corpo: un sentir louco que me roeu moitos días, e aínda agora que vello vou, por veces me distrae». Tamén o propio Merlín

se decata de como se sente o seu criado («Mi amo ben mirou que eu estaba algo apesarado...») e, tanto el coma Xosé do Cairo intentan consolalo ao final do fragmento.

2.

Os personaxes realistas son os criados, Filipe de Amancia, Teófilos e Xosé do Cairo, que aparecen cumprindo as súas funcións de axudantes dos seus respectivos amos e non teñen ningún atributo que estea fóra do verosímil.

Os personaxes fantásticos son dona Teodora, a serea, ademais de dona Xenebra e Merlín. A primeira aparece caracterizada como un ser mitolóxico e coas características físicas que se lle atribúen habitualmente («pasáronlle unha manta envolvéndolle a cola»). Dona Xenebra e Merlín aparecen representando os personaxes literarios que son, debedores da tradición artúrica.

3.

Algúns exemplos de hipérbato son os seguintes:

- «Unha bolsa que con cartos soantes traía».
- «dous sacos de varia moeda se xuntan cada ano».
- «aínda agora que vello vou, por veces me distrae»
- «un fío de ouro lucido que moi ben lle acaía».

En xeral, o hipérbato engade unha connotación estilística que achega a expresión a un estilo antigo ou arcaico, efecto procurado polo autor nos exemplos vistos, nos que coloca o verbo ao final da secuencia, ao xeito do latín. Unha proba disto é que o maior uso do hipérbato se produce nas intervencións dos personaxes mitolóxicos como a serea, o que dá máis credibilidade ao seu discurso como ser fantástico e intemporal.

4. (Resposta baseada na de Y. Baña corrixida).

Podemos ver a característica máis común dos textos de Cunqueiro, a mestura de realidade e fantasía, xa que coexisten personaxes fantásticos como aquí Teodora a serea ou o mago Merlín e personaxes da realidade como os demais, Filipe, Teófilos...

Tamén está presente a tradición literaria culta e popular, xa que a historia do mago Merlín é un relato da materia de Bretaña, e a serea é un ser mitolóxico moi recorrente en lendas e contos populares.

Outra característica que podemos atopar é o humor, xa que neste fragmento atopamos algúns comentarios cómicos: “canto máis que pola cola repoluda que ten, de ser muller, como as máis, seguro que tiña as pernas gordas en demasía” ou “non quería verte comesto dos peixes nunha praia da Arousa”.

PREGUNTAS SOBRE O TEXTO XORNALÍSTICO «MULLERES VALENTES E PREDADORES SEXUAIS»

(Solucionario feito a partir das respostas de C. Valiña corrixidas)

1.

É un artigo de opinión xa que representa a opinión particular da autora, expresada cunha linguaxe clara, fai un chamamento a reflexión, ten a estrutura propia dun artigo de opinión con utilización de argumentos para defender unha tese.

2.

Os feitos de denuncia a autora son:

- O 80% das mulleres en España non denuncian as violacións ou os abusos sexuais que sufriron, nalgúns países a porcentaxe chega ao 90%.
- A cultura do patriarcado, fai que a culpa e a vergoña recaia sobre á violada.
- Que isto non é *de agora* senón que foi continuo no tempo, posto que xa se relata na biblia e ata nos mitos Gregos, onde a violada moitas veces é convertida en animal, ou sofre un castigo.
- As reaccións da sociedade, que habitualmente culpou a violada polo simple feito de levar unha minisaia ou ir andando soa.
- A normalización das agresións cara as mulleres, argumentando que os homes teñen instintos incontrolables.

3.

A tese que defende a autora é que, debido a como foron tratadas as mulleres violadas ao longo da historia, hai que ser moi valente para denunciar, pero cada vez máis mulleres seguen o exemplo doutras valentes que xa denunciaron.

Os argumentos que utiliza son datos de porcentaxes de violacións denunciadas; desmonta escusas como as de Plácido Domingo (de que as cousas antes eran diferentes) e compáraas co exemplo do poema de Pondal (onde se retrata un home practicamente como un animal irracional que só se move por instintos), dicindo que non todos os homes tiñan ese comportamento.

(A opinión é libre de cada persoa. En xeral mostrástevos de acordo coa autora do artigo, pero eu pediríavos que volvedes ler hoxe o que escribistes, porque en moitos casos a redacción é mellorable, e tamén cometestes faltas en palabras que estou segura que sabedes escribir ben).

Soobre o poema de Eduardo Pondal

O poema conta unha violación narrada en primeira persoa polo violador. Unha rapaza que iba entre os piñeiros soa atopase con un home que intenta violala, a rapaza quixo fuxir mais non puido, e o narrador escúsase coa expresión “sabe que peixe eu son” facendo referencia a que é un home e non poderá escapar del, coma querendo dicir que así é a forma de ser masculina e nin pode evitalo nin ela poderá fuxir.

Este “argumento” de Pondal xa o desmonta M. Aleixandre no seu artigo.

SINTAXE

Aínda estou facendo as oracións, porque quero pasárvolas feitas cun procesador de textos (en vez de facerlle fotos ao papel) e estou mirando cal é maneira máis sinxela de facelas para despois ensinarvos a vós a maquetalas.